



## ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

San Martín - 36655 Arcos da Condesa  
(Caldas de Reis) Pontevedra

Teléfonos: 986530316 – 628251598



[alcaldia@arcosdacondesa.org](mailto:alcaldia@arcosdacondesa.org)

N.I.F. P-3600010-G

### Boletín Informativo: 3 / 2020

Estimada veciña e estimado veciño:

Pasado xa algo máis dun ano dende o inicio da presente lexislatura, os membros do Equipo de Goberno da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa consideramos necesario facer públicas as contas da Institución, seguindo o noso ánimo de absoluta transparencia e participación veciñal. Sería do noso agrado dar contas nunha reunión coa veciñanza presente, onde poder compartir con todas e todos vós. Dita reunión fora convocada por esta Entidade para o 13 de marzo, mais debido á crise xerada pola COVID-19 e por precaución vímonos na obriga de pospoñela ata que a situación sanitaria mellore.

Este equipo de goberno toma posesión o día 25 de xuño de 2019. Daquela a Entidade dispoñía dun saldo líquido en conta corrente de 19.500,00 €, e tiña pendentes algunhas obrigas contraídas polo anterior equipo e que debían ser atendidas.

Queremos aclarar que a Entidade Local Menor asina co Concello de Caldas de Reis, a quen pagamos os nosos tributos, un convenio anual para que a administración municipal colabore no pago das facturas do alumeadado público da nosa parroquia por un importe de 20.000,00 €, dos cales 18.000,00 € son ingresados na conta da Entidade en forma de anticipo entre os meses de marzo e maio. Este cantidade soamente pode ser destinada ó pagamento da enerxía consumida no alumeadado público. No caso de que o custo sexa menor a final de ano, a Entidade deberá devolver a diferenza ó concello. Este convenio estableceu sempre que os cartos non poden ser invertidos para outros fins por tratarse dunha subvención finalista.

PAGOS REALIZADOS XULLO-DECEMBRO DE 2019	
GASTOS FIXOS	
Concepto	Importe
Enerxía eléctrica (xullo a decembro)	5.155,78 €
Teléfono e Internet (xullo a decembro)	286,04 €
Seguro Casa Consistorial( outubro-marzo, aforro 300,00€ fronte o ano anterior)	290,11 €
Imposto Bens Inmóbeles-contribución (IBI)	154,02 €
Mantemento programa de contabilidade (pendente de pago, lexislatura anterior)	572,10 €
Asesoría contable 2017 (pendente de pago da lexislatura anterior)	1.815,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.273,05 €</b>
OUTROS GASTOS	
Concepto	Importe
Subvención á Asociación Lúa na Forza: Festa dos Maiores	2.500,00 €
Subvención á Asociación Amigos das Festas: Festas Patronais	1.750,00 €
Subvención Asoc. Coro Parroquial (Limpezas cemiterio novo e vello e atrio da Igrexa)	350,00 €
Material de oficina	103,04 €
Impresora multifunción ( a existente non servía para reparar)	298,87 €
Acondicionamento de espazos públicos (realizados en outubro 2019)	1.492,00 €
Creación da páxina web (primeiro pago, páxina en construción)	152,64 €
Rexistro e mantemento de dominios web	134,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.780,86 €</b>

<b>REFORMA CASA CONSISTORIAL- SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA (30.000,00€)</b>	
Concepto	Importe
Obra (cambio de luminarias, reforma tellado, pintado, reloxo, climatización...)	30.685,71 €
Cartel da obra de reforma	375,10 €
Limpeza xeral tras o remate das obras	484,00 €
Renovación de bandeiras	105,27 €
<b>TOTAL</b>	<b>31.650,08 €</b>
<b>PAGOS REALIZADOS 2020 (ATA HOXE)</b>	
<b>GASTOS FIXOS</b>	
Concepto	Importe
Enerxía eléctrica ( de xaneiro a setembro)	8.060,22 €
Teléfono e Internet ( de xaneiro a setembro)	737,73 €
Seguro da Casa Consistorial (ano completo)	534,94 €
Imposto Bens Inmóveis-contribución (IBI)	154,02 €
Mantemento programa de contabilidade (pendente de pago)	585,64 €
Aseroría contable 2019 (pendente de pago)	1.815,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>11.887,55 €</b>
<b>OUTROS GASTOS</b>	
Concepto	Importe
Revisión de extintores	62,82 €
Subvención Asoc. Coro Parroquial (Limpezas cemiterio novo e vello e atrio da Igrexa)	600,00 €
Acondicionamento de espazos públicos (realizados xullo-setembro 2020)	1.280,05 €
Alumeado de Nadal 2019 (aforro de 700,00€ en comparación co Nadal de 2018)	1.113,20 €
Subvención actividade Papa Noel 2019	241,50 €
Rexistro e mantemento de dominios web	177,87 €
Material de oficina	72,95 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.548,39 €</b>
<b>COBROS DESTA LEXISLATURA (XULLO 2019-OUTUBRO 2020)</b>	
Concepto	Importe
Subvención Xunta de Galicia reforma integral casa consistorial	30.000,00 €
Subvención convenio Concello de Caldas de Reis enerxía alumeado público	18.000,00 €
Venta de madeira desta lexislatura	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>48.000,00 €</b>

O saldo actual da conta corrente da Entidade Local Menor a **08/10/2020** é de **8.207,65€**, que son necesarios para facer fronte ás facturas do alumeado público, do que queda de ano, da nosa parroquia.

Dende que o actual equipo de goberno toma posesión, a Entidade só se beneficiou da xa citada subvención de 30.000 euros da Xunta de Galicia, así como do ingreso do Concello a mediados do mes de xuño de 2020 para realizar o pagamento das facturas derivadas do alumeadado público.

**A madeira cortada entre finais do 2019 e comezos do 2020 corresponde a unha subasta realizada a finais do 2018, vendida e cobrada polo equipo de goberno anterior.**

Así mesmo, a venda de madeira de 2020 viuse retrasada debido á situación de crise sanitaria na que nos atopamos inmersos. **A día de hoxe o equipo de goberno aínda non puido realizar venta algunha de madeira do Monte de Utilidade Pública Agüeiros Nº 1**, recurso patrimonial indispensable para a xestión da Entidade. Esta situación conleva un déficit de ingresos na Entidade Local Menor, o que non permite a realización de actuacións necesarias para mellorar os servizos públicos e o patrimonio da nosa parroquia.

Por outra banda, a veciñanza está a demandar que dende a Entidade Local Menor concretemos o custo total das obras do novo cemiterio. A maiores da inversión realizada pola Entidade (subvencións e beneficios da venda de madeira), cada veciño e veciña, a cambio da concesión dos panteóns, aportou 4.200,00 €. Este proxecto executouse en varias fases, durante case 20 anos. Dende o equipo de goberno seguiremos traballando para buscar no histórico e poder detallar o custo total.

#### **INFORME DAS LIMPEZAS REALIZADAS:**

##### **➤ OUTUBRO 2019:**

- Camiño dende Monte do Sixto ata A Revolta, lugar de O Ameal
- Vía das Ordes, San Martiño
- Praza de Badoucos

##### **➤ MARZO 2020:**

- Poda de carballos e retirada dalgunha árbore por danos no pavimento e muro na Bouza do Ameal (a madeira quedou a disposición da veciñanza do lugar)
- Retirada de árbores secas na beirarrúa do cemiterio e na praza da Cachopa ( O Ameal)

##### **➤ MAIO-XUÑO 2020** limpezas voluntarias a cargo dos membros do equipo de goberno da Entidade:

- Atrio da Capela de Sta. Lucía
- Prazas de Marán e A Arosa
- Bouza e fonte de O Ameal

##### **➤ XULLO-SETEMBRO 2020:**

- Poda de oliveiras (A Arosa, O Ameal e Badoucos)
- Contorna da Cruz de Melrán
- Fonte do Camiño Portugués
- Contorna de Río da Vila
- Lavadoiro de O Ameal e Praza da Cachopa, no mesmo lugar
- Praza do Cruceiro de San Martiño
- Fontes de Valsordo e Penalta
- Beirarúa dende a Casa Consistorial ata a Igrexa Parroquial e cemiterio novo
- Arqueta do camiño entre A Revolta e o lavadoiro de O Ameal
- Contorna Casa Consistorial
- Marquesiña de O Ameal
- Contorna do lavadoiro da Fontiña (San Martiño)
- Contorna dos colectores de Foxacos
- Contorna do lavadoiro e do cruceiro de San Martiño

Dende o equipo de goberno, queremos recoñecer e agradecer a veciñanza que levou a cabo a limpeza de treitos de beirarrúas na contorna das súas vivendas durante a etapa de confinamento.

## **INFORME SOBRE A OBRA DO CAMIÑO PORTUGUÉS**

Nas últimas semanas a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Turismo, vén de realizar diversas obras de conservación e mantemento do tramo do Camiño Portugués, ao seu paso pola nosa parroquia. As obras moi demandadas polas veciñas e veciños do lugar, foron requiridas dende o equipo de goberno da Entidade á Xunta de Galicia. Estas actuacións consistiron no seguinte: roce dos marxes, limpeza de cunetas e mellora do firme con aporte de material con nivelación e compactado cunha motoniveladora e un pisón.

Nesta mesma liña seguimos a traballar :

- Xuntanza coa veciñanza do treito do Camiño Portugués no edificio da entidade en decembro de 2019.
- Diversas reunións coa Xunta de Galicia. Entre elas, o 13 de febreiro de 2020, co entón Delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís. Froito desa reunión foron as obras anteriormente explicadas e levadas a cabo nas últimas semanas.
- A mediados de xuño de 2020 e tendo en conta o axustado presuposto da Entidade, o seu equipo de goberno toma a iniciativa de solicitar ao Concello de Caldas de Reis a redacción dun anteproxecto, tendo lugar unha reunión co Concelleiro Delegado de Arcos da Condesa, Jacobo Pérez. Dito anteproxecto é necesario para presentar na Xunta de Galicia, ao Organismo de Patrimonio, quen debe autorizar a obra que se pretende acometer.
- Con data 6 de outubro de 2020 ten lugar unha reunión nas dependencias do Concello de Caldas de Reis entre o Concello, a Entidade e a veciñanza. Nesta reunión, froito da boa relación entre administracións, infórmase do anteproxecto que se vai a presentar a Patrimonio.

O treito do Camiño Portugués en Arcos constitúe unha gran preocupación para o equipo de goberno da Entidade, que está dirixindo os seus esforzos para atopar unha solución e o financiamento necesarios para levar a cabo a humanización do lugar.

## **INFORME SOBRE A OBRA DA ESTRADA EMPEDRADA DE SAN MARTIÑO**

No último mes deu comezo a obra de remodelación da estrada empedrada de San Martiño (incluída recentemente polo Concello no seu inventario), un traballo que vén de anos atrás e que é froito das boas relacións entre administracións.

Esta actuación, consiste na eliminación do empedrado e aporte dun novo firme de formigón color ocre, con franxas de pedra.

A actuación conta cun orzamento de 73.102,42€ e é beneficiaria dunha subvención da Xunta de Galicia de 40.000€, o que permitiu realizar nunha primeira fase máis da metade do proxecto inicial.

Dende a Entidade estamos atentos ás obras e ás peticións da veciñanza, e trasladándollas ao Concello (encargado de dirixir e executar a obra), a fin de mellorar o resultado final da obra.

## **INFORME SOBRE OBRA DO LOCAL DA ANTIGA ESCOLA.**

Estas semanas, grazas a unha subvención da Xunta de Galicia á Asociación de Mulleres Rurais Santa Lucía, estase a reformar o local da Casa Consistorial, onde se localizaba a escola infantil.

Esta reforma ten un orzamento de 11.009,32€ e está subvencionada ao 100% pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

As obras consisten na dotación de mobiliario para a colocación dunha pía para lavar a louza, a disposición dunha campá extractora de fumes, a instalación dunha bomba de calor, o pintado tanto das paredes coma do teito, a adquisición dun quentador de auga e dun microondas, e a compra de 30 cadeiras e 2 mesas.

Queremos agradecer á Asociación de Mulleres Rurais Santa Lucía a súa dispoñibilidade e colaboración coa Entidade para a tramitación desta subvención, que permitirá converter esta dependencia nun espazo máis axeitado para a realización das diferentes actividades programadas polas asociacións da parroquia.

## **EXPROPIACIÓN POR PASO DE LIÑAS DE ELECTRICIDADE**

Durante a última década veñen de proxectarse dúas liñas de transporte de electricidade. Dende o equipo de goberno da Entidade mostramos a nosa máxima oposición ao seu paso pola nosa parroquia, máis os proxectos xa son definitivos.

O Monte de UP Nº1 Agüeiros, propiedade da Entidade Local Menor, tamén se ve gravemente afectado, pois pérdese superficie forestal e vese reducido o patrimonio da Entidade. O noso monte público é o noso ben máis prezado e razón de existir da Entidade Local Menor. Ademais de causar unha perda de recursos futuros para a institución e, por ende, para a parroquia, dana a paisaxe e a biodiversidade da contorna.

Dende o equipo de goberno estamos a disposición da veciñanza para calquera dúbida sobre as consecuencias do paso destas infraestruturas. Dende febreiro estamos en contacto directo e continuo coa empresa que está a localizar aos propietarios dos terreos afectados, e tentando axudar na localización das propiedades, resolvendo así as controversias entre o reflectido en Catastro e a realidade.

En caso de dúbida, ou no seu desexo de realizar algunha suxestión relativa aos servizos públicos e patrimonio da nosa parroquia, estamos á súa disposición:

- Oficina Entidade Local Menor: Mércores, de 19:00-21:00h.
- Teléfono: 628 25 15 98 
- Email: [alcaldia@arcosdacondesa.org](mailto:alcaldia@arcosdacondesa.org)

Para finalizar, recorde que a Xunta de Galicia vén de aprobar esta semana novas medidas para a contención da COVID-19, unha delas é a prohibición de reunións públicas ou privadas de máis de 10 persoas. Dende a Entidade Local Menor pedímoslle encarecidamente un esforzo para coidar da saúde de todas e de todos.

En Arcos da Condesa, a 17 de outubro de 2020

O Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa

